

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA



**XUNTA
DE GALICIA**



AS MIRADAS DE ISAAC

Exposición
Museo Centro Gaiás, 1º andar
6 novembro 2020—
4 abril 2021

CENTENARIO
DE ISAAC
DÍAZ PARDO
(1920–2020)



Xacobeo 2021

AS MIRADAS DE ISAAC

**Centenario
Isaac Díaz Pardo
(1920-2020)**

**Museo Centro Gaiás
(Andar 1º)**

6 de novembro de 2020 —
4 de abril de 2021

➤
Isaac Díaz Pardo fotografado na fábrica de porcelana que fundou na localidade argentina de Magdalena, diante dunha colección de pezas da súa autoría de Cerámicas do Castro (1958).



Coincidindo co centenario do nacemento de Isaac Díaz Pardo concíbese unha exposición que se achega á súa desbordante personalidade e ao seu amplo e polifacético labor, sempre desde unha visión integradora e unha firme defensa dos valores máis auténticos de Galicia, aos que se entregou sen descanso ao longo da súa fértil existencia.

Para a primeira grande exposición sobre Díaz Pardo despois do seu pasamento en xaneiro de 2012 cóntase como comisarios con dous dos seus fillos Xosé e Camilo Díaz Arias de Castro.



←
O asento de Sargadelos

Isaac Díaz Pardo xunto a Xosé Bar Bóo e Alejandro de la Sota foron os pioneiros do deseño do moble contemporáneo, con creacións que quedarán para sempre gravados no noso imaxinario e patrimonio cultural. A cadeira antropomórfica de Isaac Díaz Pardo é unha delas. Feita en madeira noble e aceiro pintado de negro e fabricada polos carpinteiros das factorías do Grupo Sargadelos, Díaz Pardo creou esta cadeira a comezos dos 80 anos para adornar as Galerías da firma nas diferentes vilas de Galicia.



Exposición

↑ Isaac fotografado no Castro de Samoedo (1956).

↗ *Os afogados*, 1946, Isaac Díaz Pardo. Colección de Arte ABANCA

Estamos ante unha exposición que pretende lembrar a un personaxe irrepitible que abordou múltiples disciplinas, tanto as relativas ao mundo da arte, como ás do intelecto, ás técnicas ou ás industriais e sacou adiante importantes iniciativas que acadaron un salientable papel no conxunto da cultura galega do século XX. Unha mostra que procura, ademais, expresar a excelencia humana de Díaz Pardo, posiblemente o personaxe máis homenaxeado, admirado e querido da historia recente de Galicia.

Para aproximármonos ao seu singular universo, a mostra está composta por **263 pezas, entre obras de arte, obxectos**

diversos, fotografías, textos, murais, documentos e proxeccións distribuídos en dez seccións. A través delas analízanse e divúlganse ao home e a súa obra: a importancia do pai –Camilo Díaz Baliño– no desenvolvemento da súa personalidade; a infancia e mocidade compostelá; a faciana de pintor, que deixou unha profunda pegada en todas as súas realizacións; o seu contacto co exilio e o seu compromiso pola recuperación da memoria histórica; o labor como escritor; os emprendementos empresariais, con Sargadelos como insignia das súas realizacións industriais; as iniciativas culturais e investigadoras, entre as que cabe destacar o Seminario de Sargadelos ou o Instituto de Galego de Información; o deseñador industrial que proxeitou máquinas, porcelanas, mobles ou Edicións do Castro; o editor imparable; e finalmente o recuperador –con Luis Seoane– da vangarda artística galega anterior á Guerra Civil, coa posta en marcha do Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside.





Espazo audiovisual

A exposición conta cun espazo central vertebrador das súas diferentes seccións, cun espazo audiovisual realizado por **Cecilia Díaz** –fotógrafa especializada en retrato, moda, editorial e produto e xornalista cultural– e **Jordi Cussó** –realizador con traballos nos campos da curtametraxe, a publicidade e os videoclips musicais– e no que, a través de fragmentos de entrevistas de arquivo, se vai debullando a vida e pensamento de Isaac Díaz Pardo.



Luis Seoane e Isaac, á
dereita da fotografía, na
fábrica de Magdalena,
con amigos/as e
colaboradores/as (1962).

Unha vida entregada a Galicia

1920

O 22 de agosto nace en Compostela, fillo de Camilo Díaz Baliño e Antonia Pardo Méndez

1936

Participa como propagandista na campaña do Estatuto de Autonomía de Galicia

O asasinato do pai o 14 de agosto en Palas de Rei obriga a refuxiarse na casa dos seus tíos na Coruña, onde permanece agochado varios meses.

1942

Remata a carreira de Belas Artes en San Fernando en Madrid e obtén unha bolsa en Italia. Á volta exerce de profesor na Escola Superior Sant Jordi de Belas Artes en Barcelona

1949

Funda Cerámicas do Castro, que modernizará a produción cerámica española

1955

Primeira viaxe á Arxentina e contactos coa intelectualidade do exilio: Seoane, Dieste, Neira Vilas, Blanco-Amor...

1957

Volta á Arxentina para poñer en marcha a fábrica de porcelana de Magdalena

1963

Crea Edicións do Castro coa publicación de dous álbums de Luis Seoane

1978

Recupera a actividade do Seminario de Estudos Galegos, que chegou a editar uns 200 traballos

1970

Recupera a Fábrica de Sargadelos
Crea o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside

1972

Bota a andar o Seminario de Sargadelos, que chegará a publicar 90 títulos

1977

Funda o Instituto Galego de Información

1992

Doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela e pola Universidade da Coruña (2007)

2003

Premio das Artes e das Letras da Xunta de Galicia

2007

Medalla de Ouro de Galicia e Medalla ao Traballo

2009

Medalla de Ouro ao Mérito en Bellas Artes de España

2012

Fina na Coruña o 5 de xaneiro

Deseño expositivo

Para amosar o rico mundo heteroxéneo do que Díaz Pardo fixo gala e conseguir que o/a visitante capte a esencia deste complexo universo “diazpardiano” propónse un deseño expositivo que fragmenta en dez apartados a súa vida e obra para reconstruír, paseniñamente, o macrocosmos que foi a súa peripecia vital.

Vistas da intervención que Isaac fixo na praza do Obradoiro a favor do SI no plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia en xuño de 1936. A fotografía está feita por el para deixar constancia da obra

↓



←
Isaac co seu
pai en 1927

O pai: Camilo Díaz Baliño


Nesta sección da exposición reflíctese como o legado de Camilo Díaz Baliño non se esvae coa súa morte (1936). Isaac ten quince anos cando asasinan o seu pai e absorbe parte desa herdanza artístico-estético, inspirada na simbiose da arte galega e europea e nunha nova arte de carácter humanista e emancipadora. Nesta sección recóllense todas as facianas plásticas de Díaz Baliño: escenografía, gráfica, pintura, heráldica, publicidade... e como o seu traballo mellorou o sentido de pertenza da sociedade galega reivindicando e poñéndolle rostro á historia, ás lendas e aos mitos de Galicia.

Responsable da sección: Iria-Friné Rivera Vázquez. Historiadora da arte, fotógrafa e divulgadora.

Infancia en Compostela e mocidade

Neste apartado percórrese desde a súa nenez na rúa das Hortas ata o obradoiro de escenografía, á súa militancia, á súa participación na campaña do Estatuto de Autonomía, ao estoupido da Guerra Civil ata chegar ao estudante de Belas Artes de San Fernando en Madrid. Procúrase amosar neste periplo como as súas inquedanzas e a súa creatividade xuvenil anticipaban un talento desbordante cheo de vitalidade.

Responsables da sección: Xosé Díaz Arias de Castro, académico e deseñador gráfico, e Camilo Díaz Arias de Castro, enxeñeiro.



←
Debuxo do
álbum 20
desnudos
de Cecilia
la acróbata,
Edición do
Castro, 1965.
Arquivo
familiar

Aplástica

Neste punto, a exposición párase na etapa de Díaz Pardo centrada na pintura, no debuxo, na gráfica e na escultura co obxecto de demostrar que Díaz Pardo converteu a súa plástica en toda unha disciplina ao servizo dunha creación responsable e humanista, tal e como reflicten as súas palabras sobre a descuberta de que a súa vocación non era o de “andar pintando os señores e señoras enriquecidas”.

Responsable da sección: Rosario Sarmiento Escalona, xestora cultural, crítica de arte e comisaria de exposicións, especialista en coleccionismo.

O exilio



↑ Fotografía tomada en 1955 no Centro Galego de Bos Aires na exposición de pinturas e cerámicas que alí se realizou de obras de Isaac, que está acompañado por Laxeiro e Luis Seoane. Á dereita, portada do catálogo da exposición

Este apartado da mostra céntrase na importancia da viaxe á Arxentina en 1955 ao poñer en contacto a Isaac coa intelectualidade do exilio: Luis Seoane, Rafael Dieste, Lorenzo Varela, Arturo Cuadrado. Xosé Neira Vilas, Eduardo Blanco-Amor, Antonio Baltar...A partir deste encontro porá en marcha a fábrica de porcelana de Magdalena e unha escola e laboratorio cerámico que será o xermolo do Laboratorio de Formas de Galicia, entidade que concibe con Luis Seoane para botar a andar diversos

proxectos culturais e industriais en Galicia. Nesta sección abórdase o infatigable traballo de Díaz Pardo para acadar o retorno a Galicia de toda esta intelectualidade exiliada como antídoto da desmemoria e a recuperación dos seus coñecementos e prestixio.

Responsable da sección: Ramón Villares, catedrático de Historia Contemporánea da USC e membro da RAG. Foi presidente do Consello da Cultura Galega e reitor da USC.

Pensamento e escrita

Sección na que se recolle a súa obra literaria (poesía, teatro, narrativa), a obra ensáística, artigos de prensa, epistolario e a súa colaboración con Luis Seoane en *Galicia Hoy*. A través de todo este material evidénciase a súa convicción de que o traballo intelectual non valía só para acumular coñecementos, senón para discernir o ben do mal.

Responsables da sección: Xosé Díaz Arias de Castro, académico e deseñador gráfico, e Camilo Díaz Arias de Castro, enxeñeiro.





06 Arte / industria

Apartado que se centra en Cerámicas do Castro, Cerámica de Sargadelos, a figura de Antonio Raymundo Ibáñez e Reales Fábricas de Sargadelos e o Conxunto Histórico Artístico de Sargadelos. Neste punto da exposición constátase como as súas empresas foron creadas para cumprir unha función social: unha asociación de recursos para satisfacer necesidades fronte a empresas concibidas como asociacións de intereses para especular cos recursos e coas necesidades.

Responsables da sección: Teresa Pena Moreda, directora da Biblioteca Municipal de Lugo e licenciada en Xeografía e Historia, e Fernando Arribas Arias, doutor pola USC, licenciado en Humanidades e mestre. Responsable da área de difusión do Museo Provincial de Lugo.



07 Recuperación da memoria


Sección que afonda no seu papel na creación do Seminario de Sargadelos e das Experiencias de Escola Libre, do Laboratorio Xeolóxico de Laxe, do Instituto Galego de Información, do Diario Galicia e do Seminario de Estudos Galegos. Deste xeito, permítese comprobar como foi de teimudo Isaac Díaz Pardo en recuperar para Galicia institucións de investigación e coñecemento.

Responsable da sección: Andrés Varela Martínez, doutor en Química pola USC. Foi director do Departamento de Tecnoloxía do Seminario de Estudos Cerámicos de Sargadelos, e Camilo Díaz, como co-responsable.

08 Laboratorio de formas: diseño e arquitectura

Apartado expositivo no que se recolle a súa filosofía creativa de deseñar formas con vocación de futuro, pero con raíces na contorna e no pasado para diferenciarse a través do traballo desenvolvido pola Galería Sargadelos e polo Laboratorio de Formas e o seu manifesto, ademais de polo seu deseño cerámico, industria e mobiliario.

Responsable da sección: Daniel Beiras García-Sabell, arquitecto e urbanista especializado en arquitectura ecolóxica, proxectos de rehabilitación e recuperación do patrimonio histórico.



09

A palabra impresa

Esta sección mergúllase na recuperación e divulgación da historia escamoteada a través do labor das coleccións da Editorial Ruedo Ibérico, da creación de toda unha Biblioteca do Exilio e do traballo con Luis Seoane en Edicións do Castro.

Responsables da sección: Xosé Díaz Arias de Castro, académico e deseñador gráfico, e Camilo Díaz Arias de Castro, enxeñeiro.

10

O museo Carlos Maside

A última sección da mostra quere enxalzar a tarefa desta institución para pór en relevo e documentar o movemento innovador da vangarda galega anterior a 1936 con obra de Maside, Castelao, Souto, Colmeiro, Seoane, Laxeiro, Fernández Mazas, entre outros, e a contemporaneidade dos anos setenta e seguintes.

Responsable da sección: Carmela Montero García, documentalista e conservadora da Fundación Luis Seoane. Foi comisaria da mostra *Carlos Maside – Luis Seoane. Aquel abrazo.*



10 pezas destacadas

01



Tríptico dos homes de Brigantia

A linguaxe simbólica da obra plástica de Camilo Díaz Baliño estivo orientada a dotar a Galicia dun corpus lendario e mitolóxico para lle dar visibilidade a personaxes, fitos e lugares da historia e das tradicións ancestrais de Galicia, con fins claramente identitarios.

Camilo Díaz Baliño | ca. 1919-1921. Óleo s/lenzo

03



Os afogados

A carraxe que sentía Díaz Pardo pola sanguenta represión da sublevación fascista, na que perdeu a seu pai, ficou plasmada neste óleo onde, debido á censura, trocou os mortos na cuneta por afogados na praia, en medio dun pobo indignado.

Isaac Díaz Pardo | 1946. Óleo s/lenzo




Autorretrato

Este pequeno, pero soberbio, autorretrato de Díaz Pardo cando tiña 19 ou 20 anos transmite a forte personalidade do mozo que mira o mundo con firmeza e seguridade, preludiando o que anos despois levou a Eduardo Blanco-Amor a cualificalo de "xigante comprimido".

Isaac Díaz Pardo | 1940. Lapis s/papel

02

04



Galicia hoy

O libro *Galicia hoy* foi impulsado por Díaz Pardo e Seoane e publicado pola editorial antifranquista Ruedo Ibérico en 1966. Nel colaboraron destacados artistas e intelectuais, foi o primeiro intento de denunciar o atraso e a opresión na que se atopaba Galicia.

Luis Seoane & Isaac Díaz Pardo, editores. Libro editado por Ruedo Ibérico en 1966



A nave espacial

Este tríptico de grandes dimensións, pintado na Arxentina, escenifica en tres secuencias, e a xeito de cantar de cego, moitas das súas teimas de tipo social e político, como a pobreza, a emigración, a relixión, a intolerancia, o poder ou o futuro incerto.

Isaac Díaz Pardo |1964 (tríptico). Óleo s/lenzo

05

06

Cabeza

Á Escola Libre –que organizou o Seminario de Sargadelos desde 1972– acudía xente de todo o mundo, e convocaba a destacadas personalidades da arte, o intelecto e a investigación interdisciplinar, como foi o caso do escultor Jorge Oteiza, quen na súa estadia en Sargadelos en 1979 fixo esta peza, que resulta ser un retrato de Sabino Arana

Jorge Oteiza, 1979 (Euskadi)



07

Saturno devorando aos seus fillos

Nesta peza escultórica de porcelana, dos comezos de Díaz Pardo como ceramista, pervive unha forte vocación pictórica. Nesta obra enfrontase o mal (representado en Neptuno devorando os seus fillos e que supón tamén unha metáfora da Galicia autodestrutiva) co amor (a parella de mozos que simboliza a esperanza).

Isaac Díaz Pardo | ca. 1950. Porcelana esmaltada



Máscaras para *Os vellos non deben de namorarse*

Impulsado polo Laboratorio de Formas —Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo—, o Museo Carlos Maside foi inaugurado en 1972 para recuperar e divulgar os artistas do movemento renovador da arte galega anterior á Guerra Civil, onde Castelao ocupa un destacado lugar con obras relacionadas cos figurinos e coas máscaras que realizou para a súa obra teatral *Os vellos non deben de namorarse*.

Alfonso R. Castelao | 1941. Papel maché



Mesa e cadeiras antropomórficas

Os deseños de mobiliario de Díaz Pardo circunscribíanse case sempre ás necesidades das iniciativas que poñía en marcha, xa industriais, culturais ou comerciais. Este deseño “antropomórfico” de cadeira e mesa, destinado ás Galerías Sargadelos, evocaba o espírito do modernismo, do que bebera na súa infancia e na primeira xuventude a carón do seu pai.

Isaac Díaz Pardo | ca. 1970. Madeira e ferro



Meco e *El toro júbilo*, de Luis Seoane

Estes dous cartafoles de xilografías de Seoane foron as primeiras publicacións de Edicións do Castro, unha iniciativa do Laboratorio de Formas para o estudo e recuperación da memoria histórica de Galicia que, entre ese ano e 2011, editou máis dun milleiro de libros, xa en solitario, xa en colaboración con outras institucións académicas, universitarias ou corporativas.

Dous álbums de xilografías editados por Edicións do Castro en 1963

Torre do
ascensor que
une a planta
circular de
Sargadelos
coa nova nave
de produción
(Fotografía de
Juan Rodríguez)



Comisariado



Camilo Díaz Arias de Castro

(Madrid, 1946) Licenciado en Química e máster en Tecnoloxía Cerámica pola Universidade Nacional de La Plata (Arxentina) en 1975. Profesor de química cerámica na Escola de Artes Aplicadas de Magdalena. En Arxentina, tivo gran relación con exilio galego culto, en especial con Luis Seoane e o grupo de intelectuais que o rodeaban. Traballou e colaborou dende 1960 a 2011 en todas as empresas creadas polo seu pai, Isaac Díaz Pardo, de quen aprendeu as técnicas dos procesos cerámicos desde moi novo, o que impulsou a súa vocación pola enxeñería cerámica no Seminario de Sargadelos, onde deseñou a totalidade dos novos equipos mecánicos de produción e cocción, substituíndoos por outros máis eficaces


que aínda hoxe seguen a empregarse nas plantas de produción do grupo Sargadelos. Aprendiz en Cerámicas do Castro (1960-65), responsable de innovación e melloras técnicas en Porcelanas de Magdalena (1965-77), e director de produción e administrador en Fábrica de Cerámica de Sargadelos (1977-2011), cargos que simultaneou coa vocación de enxeñeiro ceramista. En 1982 recibiu un premio do Centro para el Desarrollo Tecnológico Industrial (CDTI) do Ministerio de Industria.




Xosé Díaz Arias de Castro

(A Coruña, 1949). A súa colaboración temperá desde finais dos anos sesenta con Isaac Díaz Pardo e Luis Seoane nos proxectos do Laboratorio de Formas (Edicións do Castro, Museo Carlos Maside e Sargadelos) moldearon a súa vocación polo deseño, fundando varias empresas de comunicación visual (BCD Asociados, Grupo ReVisión Deseño, Imago Mundi Deseño) que abordaron importantes traballos de identidade corporativa, deseño editorial e de espazos expositivos entre 1984 e 2019. En 1996, como testamenteiro da viúva de Luis Seoane, impulsou a Fundación Luis Seoane, da que é patrono vitalicio e vicepresidente do seu padroado. En 2016 ingresou como académico de número na

Real Academia Galega de Belas Artes, na súa sección de Artes da Imaxe. É administrador único do Laboratorio de Formas de Galicia S.L., sociedade fundadora de Sargadelos, da que forma parte do seu accionariado.



Montaxe inspirada no patrón 'Monférico'




A Oficina Técnica da Cidade da Cultura é a encargada, como é costume, da montaxe. Nela procurou a máxima simplicidade xestual nos materiais e nos acabados, intentando --en coherencia cos valores defendidos e representados na vida de Díaz Pardo-- amosar sinceridade construtiva, sinxeleza e naturalidade na forma dos soportes. Deste xeito, apostouse por estruturas metálicas, taboleiros e vitrinas en cru.

O deseño desta montaxe atendeu a un leitmotiv co obxecto de adobiar a expresión gráfica e a organización espacial, a vez que procurar certa inspiración no traballo do artista homenaxeado na mostra. Con estas dúas premisas, a inspiración veu do patrón 'monférico' de Díaz Pardo, definido nos Cadernos do Seminario a partir dos casetóns barrocos das bóvedas do Mosteiro de Monfero e

nos que existe certo vellelo coas formas das tramas que subxacen no deseño de Peter Eisenman para os edificios da Cidade da Cultura.

As dez seccións diacrónicas da exposición foron organizadas ao redor dun punto central: un tambor de proxección que serve como charnela entre dúas partes da mostra compensadas en tamaño.

O resultado final configura un percorrido liñal ao longo dos diferentes dez apartados, no que o/a visitante se atopará con 'escapadas visuais' ao longo do traxecto co obxecto de darlle pistas sobre o percorrido da mostra, á vez que lle facilita o percorrido.



Catálogo

O **catálogo** da mostra conta, ademais dos textos dos comisarios e das responsables das seccións, coas colaboracións de:

Francisco Díaz-Fierros Viqueira. Doutor en Farmacia pola USC e catedrático de Edafoloxía e Química Agrícola.

Xosé Ramón Fandiño. Escritor e editor. Traballou no Instituto Galego de Información do Grupo Sargadelos. Foi coordinador da Gran Enciclopedia Galega Silverio Cañada.


Charo Portela. Licenciada en Filoloxía Románica pola Universidade de Santiago de Compostela. Foi subdirectora de Edicións do Castro e coordinou as actividades culturais do Instituto Galego de Información até o ano 2008.

Esperanza Mariño. Ensaísta, tradutora e investigadora especializada en lingua e literatura galega e crítica literaria.

Deseño do catálogo: Deseño Gráfico Imago Mundi, S.L.

Edición: 1.000 exemplares

Idiomas: galego, castelán e inglés



Entidades prestadoras das pezas

- Familia Díaz Arias de Castro
- Museo Carlos Maside
- Cerámicas do Castro
- Fábrica de Cerámica de Sargadelos
- Real Patronato de Sargadelos / Casa da Administración
- Seminario de Sargadelos / Laboratorio Xeolóxico de Laxe
- Museo de Belas Artes da Coruña / Deputación da Coruña
- Colección de arte de Afundación
- ABANCA
- Coral de Ruada
- Cantigas e Agarimos

- Biblioteca da Cidade da Cultura
- Instituto Padre Sarmiento
- Fundación Luis Seoane
- RTVE
- TVG
- CGAI
- Filmoteca Nacional

E préstamos de coleccionistas privados.

Medidas de Seguridade COVID-19

***As miradas de Isaac* adapta a súa organización e espazo expositivo aos protocolos de seguridade fronte á covid-19 vixentes en cada momento. Isto tradúcese en medidas como as seguintes:**

- Eliminación das entradas e folletos de sala en papel, substituíndoos polo seu equivalente en formato dixital.
- Axuste da capacidade permitida da sala á normativa vixente en cada momento, da que se informará ás persoas visitantes no momento do acceso.
- Visitas guiadas sempre con reserva previa e cun número de persoas que poden participar en cada quenda adaptado á normativa en vigor.
- Información ás persoas asistentes doutras medidas de seguridade de obrigado cumprimento, que no momento actual (novembro de 2020) inclúen:
 - Emprego de máscaras de protección
 - Mantemento de distancia de seguridade entre persoas non conviventes
 - Emprego de xel hidroalcohólico no acceso á sala




Ilustración de
Galicia hoy

Gaiás, Cidade da Cultura

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:

Museo Centro Gaiás. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

Biblioteca e Arquivo de Galicia.

Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

Centro de Emprendemento Creativo.

Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

Centro de Innovación Cultural (CINC).

É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

Espazos naturais. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudables a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.

Museo Centro Gaiás

Referente arquitectónico do século XXI, o Museo Centro Gaiás é un dos edificios máis singulares e con máis posibilidades de uso da Cidade da Cultura, que aspira a converterse no centro expositivo de referencia de Galicia.

A espectacularidade da súa fachada, con case 43 metros de altura, e os seus máis de 16.000 metros cadrados de superficie que inclúen espazos expositivos, almacéns e obradoiros, permiten ao Museo Centro Gaiás despregar unha oferta de actividades expositivas e dinamizadoras do sector cultural que o converten nun centro activo e en continua renovación.

O Museo Centro Gaiás conta cunha superficie expositiva de 6.600 metros cadrados, dividida en tres plantas superiores e un grande espazo multifuncional na planta inferior, na que é posible materializar retos expositivos de diversa natureza.

Desde a súa inauguración en 2012, o Museo Centro Gaiás ten colaborado con institucións culturais sobranceiras, entre as que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporánea. CGAC, Daros Latinoamérica



Collection, Fundación Cisneros. Colección Patricia Phelps, Heeresgeschichtliches Museum, Manchester Art Gallery, Migros Museum fur Gegenwartskunst, Museo Arqueológico Nacional, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León. MUSAC, Museu d'Art Contemporani de Barcelona, Museo de la Catedral de Santiago, Musée D'Orsay, Museum of Modern Art. MoMA, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Museo Nacional del Prado, Museo Sorolla, Museo Thyssen-Bornemisza, National Museum Wales, Patronato de la Alhambra y Generalife, Real Fábrica de Cristales de la Granja. Fundación Centro Nacional del Vidrio, RijksMuseum, The Scott Polar Research Institute, Victoria and Albert Museum e importantes coleccións privadas.

Créditos

ORGANIZA

XUNTA DE GALICIA

PRESIDENTE

Alberto Núñez Feijóo

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Conselleiro

Román Rodríguez González

Secretario Xeral Técnico

Manuel Vila López

Secretario Xeral de Cultura

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

Fondo Gaiás da Empresa Galega

ABANCA

AFUNDACIÓN

INDITEX

INVERAVANTE

NATURGY

FUNDACIÓN BARRIÉ

BANCO SABADELL

COREN

CAMPO

GADISA

GRUPO NOSA-TERRA 21

ASTILLEROS BARRERAS

R CABLE Y

TELECOMUNICACIONES GALICIA

MONBUS

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Directora Xerente

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora de Acción Cultural

María Pereira Otero

Director de oficina técnica

Benito García Caramés

Director Económico Financeiro

Santiago González Prado

EXPOSICIÓN

Comisariado

Camilo Díaz Arias de Castro Xosé

Díaz Arias de Castro

Asesores

Fernando Arribas Arias Daniel Beiras

García-Sabell Carmela Montero

García Teresa Pena Moreda Iria-

Friné Rivera Vázquez Rosario

Sarmiento Escalona Andrés Varela

Martínez Ramón Villares Paz

Coordinación exposición

Departamento de exposicións de

Acción Cultural Fundación Cidade

da Cultura

Deseño de montaxe

Oficina técnica Fundación

Cidade da Cultura

Comunicación e marketing

Departamento de Comunicación

e Marketing Fundación Cidade da

Cultura

Didáctica-mediación

Servizo de Educación, Mediación

e Atención ao Visitante Fundación

Cidade da Cultura

Colaboración área Tic (imaxe / son)

Carlos Pedreira Novo

Montaxe

Galipat

Sacaferro

OHL

Gráfica

Xosé Díaz Arias de Castro

Transporte

Daexga

Seguros

Axa Art

ESPAAO AUDIOVISUAL

Idea orixinal e dirección

Cecilia Díaz Betz

Editor e co-director

Jordi Cussó

Son

Unai Lazcano

CATÁLOGO

Edita

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Educación e
Universidade

Fundación Cidade da Cultura de
Galicia

Coordinación editorial

Departamento de Acción Cultural,

Cidade da Cultura de Galicia

Deseño e maquetación

Xosé Díaz Arias de Castro

Fotografía

Ovidio Aldegunde

Xurxo Lobato

Juan Rodríguez

Arquivo Camilo Díaz Arias de Castro

Arquivo Xosé Díaz Arias de Castro

Tradución

Secretaría Xeral de Política

Lingüística da Xunta de Galicia

Eagle Language Service S.L

Impresión

Agencia Gráfica

Proxecto web

América Díaz

Deseño web

Costa



Xacobeo
2021



XUNTA
DE GALICIA

FONDO GAIÁS DA EMPRESA GALEGA

//ABANCA

//Afundación

INDITEX

INVERAVANTE

Naturgy 

Fundación Barrié

 Sabadell

 Coren

 Campo

 GADIS

grupo
NOSA 
TERRA 21

 Astillero
BARRERAS
V I G O

 R

 MONBUS

AS MIRADAS DE ISAAC

Exposición
Museo Centro Gaiás
1º andar

Do 6 nov 2020
ao 4 abr 2021

cidadedacultura.gal



Xacobeo
2021



XUNTA
DE GALICIA